



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Urbanismo

*Aprobación inicial do cambio de sistema de actuación de compensación a concerto no sector "As Medoñas" a instancia de Domos Estates Coruña, S.L.*

#### CONCELLARÍA EN MATERIA DE URBANISMO

**Expedientes:** 2026/X999/000189- 2026/G006/000257

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 18 de xuño de 2026, adoptouse, entre outros, o ACORDO de aprobación inicial do cambio de sistema de actuación de compensación a concerto no sector "As Medoñas".

No Certificado de XGL figura a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** Acordar a aprobación inicial do cambio de sistema de actuación de Compensación a Concerto no Sector "As Medoñas" a instancia de Domos Estates Coruña, S.L.

**SEGUNDO.-** Publicar o anuncio no Boletín Oficial da provincia de A Coruña e proceder á notificación individualizada aos propietarios afectados.

**TERCEIRO.-** O presente acto é un acto de trámite fronte o que, segundo no disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, non cabe a interposición de recurso algún.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, ignórese o lugar da notificación ou ben tentada a mesma non se puido practicar, sirva o presente anuncio de notificación coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 e outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Tal como se indica no punto TERCEIRO, o ACORDO adoptado pola XGL da Corporación ten a natureza xurídica de acto administrativo de trámite non susceptible de impugnación independente, pero podería ser alegado polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento. Todo isto segundo o establecido no artigo no artigo 112 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Así mesmo, poderá presentar no período de información pública que se lle notifica mediante a presente, as alegacións ou reclamacións que se considere pertinentes, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio.

Asinado o 23/06/2026 por Luis Alberto Castro Calvete, concelleiro delegado Urbanismo. PD 1243/2025 de 08/05/2025.

2026/4245